

ASUNTO: BASES DIPLOMADO/TÉCNICO TURISMO LOGO DE QUEDAR DESERTA UNHA PRAZA NA CONVOCATORIA ANTERIOR

Vista a providencia da concellería de Facenda e réxime interno de data 12 de xuño de 2018.

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar as bases que han de rexer o PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN URXENTE POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE: DIPLOMADO EN TURISMO/ TECNICO SUPERIOR EN INFORMACIÓN ECOMERCIALIZACIÓN TURISTICA/ TECNICO SUPERIOR EN GUIA, INFORMACIÓN E ASISTENCIA TURISTICA OU TECNICO SUPERIOR EN EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS.

I-NORMAS XERAIS:

a) O presente proceso selectivo rexeráse polo establecido nestas bases, para extremos non previstos nas mesmas estarase o disposto nas seguintes normas xerais:

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local (LBRL)
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 95/1991, de 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia , polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal e
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.
- Convenio Colectivo aprobado polo Concello.
- Resolución do 7 de decembro do 2015 polas que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a Concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, e agosto.
- Resolución 29 de marzo do 2016 da directora de turismo de Galicia concedendo subvención a este Concello para a contratación de dous diplomados en turismo

II.-OBXECTO DA CONVOCATORIA:

Provisión, dunha praza de persoal laboral temporal a media xornada, vinculado á subvención concedida a este Concello, por resolución 17 de abril de 2018 da directora de turismo de Galicia,





para a contratación de dous diplomados/técnicos en turismo dende a data que fixe a Alcaldía por resolución aprobando a contratación do seleccionado/a ata o 15 de setembro de 2018 a media xornada para para prestar servizo nas oficinas de turismo deste Concello, mediante contrato temporal de duración determinada, obra ou servizo, a media xornada (18 horas e 45 minutos semanais de luns a domingo), percibindo unha retribución bruta mensual de 652'86 € (incluída prorrata de pagas extra)".

A persoa seleccionada deberá atender ó público indistintamente nas dependencias municipais de turismo sitas na Torre da Homenaxe do noso Concello, así como, amosar os Recursos Turísticos do Concello de Monforte de Lemos e informar ós turistas de cantas preguntas relacionadas co Turismo da Ribeira Sacra se poidan dar.

Dito contrato se desenvolve ó abeiro do Artigo 2 e 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

O proceso selectivo se desenvolve baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade (Web oficial e o taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos).

III.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Para ser admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán posuír no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto nos artigos 57 e 58 do Estatuto Básico do empregado público(Lei 7/2007, de 12 de abril) en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais e doutros Estados en condicións de igualdade.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto de traballo, sen prexuízo do acceso ó emprego público de persoas con discapacidade física ou psíquica debidamente acreditada, en grao igual ou superior ao 33%, nos termos recollidos no artigo 59 da Lei 7/2007, de 12 de abril.
- c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso o corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público.





e) Os/as aspirantes precisan estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) de calquera os seguintes títulos:

- .- Grado/ diplomado e turismo ou equivalente homologado.
- .- Técnico superior en información e comercialización turística.
- .- Técnico superior en guía información e asistencia turística.
- .- Técnico en empresas e actividades turísticas.

Este requisito débese acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

Será nulo o nomeamento do aspirante que estea incurso en causas de incapacidade conforme á normativa vixente.

f) Ter satisfeito a taxa por dereitos de exame por importe de 25'16 € na conta deste concello en ABANCA ES96 2080 0126 2031 10000019.

g) Ter a condición de desempleado o que debe acreditarse mediante certificación do servizo publico de emprego estatal.

Todos estes requisitos deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, manterse durante todo o proceso selectivo e acreditar o seu cumprimento como requisito previo imprescindible para poder ser contratado no seu momento.

IV- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

IV- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

Os/as que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán presentar instancia, dirixidas ao Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos con arranxo ó modelo que figura ó final destas bases, no Rexistro do Concello ou na forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común, no prazo de CINCO (5)días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, os aspirantes terán que xuntar á súa solicitude os documentos orixinais ou fotocopias debidamente compulsada acreditativas dos méritos que aleguen (O incumprimento deste requisito impedirá que o tribunal os teña en conta na correspondente fase de avaliación), DNI ou pasaporte, Título requirido e xustificante acreditativo de ter ingresada a cantidade de 25'16 € euros en concepto de dereitos de exame ao abeiro da Ordenanza Reguladora de Taxas para o estudio, análise e expedición de documentos publicada no BOP de data de 29 de decembro de 2011, así coma certificado SEPE da súa condición de desempregados.

As instancias/solicitudes tamén se poderán presentar nas formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello deberán comunicalo por fax, ou outro medio no mesmo día da súa presentación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a lista provisional de admitidos e excluídos, indicando a causa de exclusión,





concedéndose un prazo de DOUS (2) días NATURAIS a contar dende o día seguinte o da publicación, para subsanar os posibles defectos ou omisións na documentación presentada. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

Igualmente se publicarán no taboleiro de anuncios e na Páxina Web do Concello as datas, lugar, resultados das probas que se realicen así como tódolos anuncios derivados da presente convocatoria.

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto co teléfono 982 402501.

V- TRIBUNAL:

O tribunal encargado de xulgar estas probas constitúese por:

Presidente: Elisa Fernández Rodríguez (Funcionaria Concello de Monforte).

Suplente: María Inmaculada Buján Arias (Funcionaria Concello de Monforte)

Vocais: Jose María Baños Campo (Habilitado Estatal), Juan Carlos Prado Díaz e Dona Patricia Payo Moure (Persoal Laboral fixo do Concello De Monforte).

Suplentes: Gloria Otero Saco, dona María Guadalupe Gómez Varela. (Persoal Laboral fixo Concello De Monforte) Angel Encinar Arias, (Funcionario Concello de Monforte).

Secretario: Elisa Martínez Arias (Funcionaria Concello de Monforte)

Suplente: Isabel Carbonesch Bosch (Funcionaria Concello De Monforte)

Designase como asesor a don Carlos Rodríguez Fernández; laboral fixo do Concello de Monforte coma licenciado en Xeografía e Historia.

Todas as persoas compoñentes do Tribunal ostentan o seu cargo e desenvolven o seu labor a título individual, sen que actúen en representación de ninguén.

As persoas que forman parte do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicando a dita circunstancia ao órgano designante, cando concorran nelas calquera das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes ás probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte co disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Os aspirantes poderán recusa-las persoas compoñentes do tribunal de conformidade co previsto nos artigos 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común.

O Tribunal poderá dispo-la incorporación ós seus traballos de asesores/as especialistas, con voz pero sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os/as citados asesores/as limitaranse a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepción de asistencias se clasificarán consonte o establecido no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razón de servizo



O Tribunal na súa actuación axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación á normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na lei 30/1992 do 26 de novembro como na demais normativa de aplicación.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade das súas persoas compoñentes, titulares ou suplentes indistintamente

VI- SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema de selección será o concurso - oposición de conformidade co disposto no artigo 11 do RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Será obxecto de valoración a carreira profesional e formativa dos aspirantes, conforme aos méritos que a continuación se relacionan:

1- CONCURSO:

A) Titulación académica. Neste apartado poderase acadar como máximo 1 punto.

Titulo de Grado/ diplomado en turismo ou equivalente homologado un punto.

E os seguintes títulos 0'5 puntos.

- .- Técnico superior en información e comercialización turística.
- .- Técnico superior en guía información e asistencia turística.
- .- Técnico en empresas e actividades turísticas.

So se valorara a titulación superior e un dos títulos de técnico aínda que algún aspirante contara con varios.

B) Experiencia profesional : no mesmo posto de traballo ou similar. Neste apartado poderase acadar como máximo 2 puntos.

1) Por cada ano de prestación de servizos na Administración Local un punto ou fracción equivalente en caso de períodos inferiores.

2) Por cada ano de prestación de servizos noutra Administración Pública 0,75 puntos ou fracción equivalente en caso de períodos inferiores.

3) Por cada ano de prestación de servizos na empresa privada 0,50 puntos ou fracción equivalente en caso de períodos inferiores.





As actividades que non fose realizadas a tempo completo, serán valoradas en proporción ó tempo de desenvolvemento das mesmas, en relación coa xornada laboral habitual no sector da actividade (37,50 horas semanais).

- Os servizos prestados na Administración Pública deberán acreditarse para a súa valoración, mediante presentación do modelo oficial da vida laboral ao que deberá acompañarse inexcusamente certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflita o corpo ou grupo profesional de pertenza e as tarefas desempeñadas, non podendo ser valorados polo Tribunal en caso contrario.

No caso de que o aspirante teña prestado servizos neste Concello e desexe que se incorpore de oficio a este proceso selectivo concreto certificado dos servizos prestados por este conforme ás presentes bases debe indicar esta circunstancia no apartado reservado para iso na solicitude e indicar claramente os período/s e posto/s nos que prestou servizos. Noutro caso terá que solicitalo expresamente. De non cumprimentar a solicitude de expedición de oficio e tampouco solicitar o certificado de servizos prestados entenderase que o aspirante se opón a incorporación do certificado de servizos prestados por este ó expediente.

- Os servizos prestados na empresa privada, mediante presentación do modelo oficial da vida laboral ao que deberán acompañarse inexcusamente os contratos de traballo debidamente rexistrados no INEM, non podendo ser valorados polo Tribunal en caso contrario.

En todo caso dos referidos documentos deberán desprenderse o posto de traballo que desempeñaba o/a interesado/s especificando as tarefas realizadas.

Non se poderá acadar nesta parte da Fase de Concurso máis de tres puntos.

OS MÉRITOS QUE ACREDITE O/A ASPIRANTE PARA A VALORACIÓN DA FASE DE CONCURSO DEBERÁ SER DOCUMENTACIÓN ORIXINAL OU FOTOCOPIAS DEBIDAMENTE COMPULSADAS. O TRIBUNAL NON BAREMARÁ A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO/A ASPIRANTE QUE NON REÚNA ESTES REQUISITOS.

2- OPOSICIÓN:

Proba única: De carácter obrigatorio e eliminatorio e que consistirá na realización dun exame que constará por unha parte de de 10 preguntas tipo test correspondentes a parte xeral do programa, puntuarase con 0'50 cada resposta acertada e as respostas erróneas non penalizarán ó resultado, nesta parte da proba poderá obterse, polo tanto un máximo de 5 puntos.

E e por outra banda de tres preguntas curtas relacionadas coa parte específica do programa que se valorarán con 5 puntos cada unha, nesta parte da proba poderá obterse, polo tanto un máximo de 15 puntos.

Os aspirantes contarán cun tempo máximo dunha hora para a realización do total do exercicio (test e preguntas curtas).

Na parte de preguntas curtas relacionadas co temario específico valorarase a calidade da expresión escrita, a capacidade de análise e relación dos contidos e a claridade de ideas.





Será necesario para superar o exercicio e polo tanto a fase de oposición obter un mínimo de 10 puntos.

Segunda Proba: Unha proba que consistirá na realización dunha traducción dun texto, castelán-galego ou galego – castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora. A súa valoración será de apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a calificación de apto.

Estarán exentos da realización desta última proba os aspirantes que con anterioridade á mesma acrediten a posesión do Certificado Celga 4, ou estudos oficiais equivalentes.

As diversas probas poden non respetar os prazos mínimo de 48 horas entre proba e proba, incluso realizarse varias no mesmo día, en todo caso, a data e hora de celebración s publicaranse na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello coa maior antelación posible.

Resultará seleccionada a persoa que logo da suma das puntuacións da fase de concurso e de oposición obteña as mellores puntuacións.

En caso de empate ó final do Concurso- Oposición estableceuse os seguintes criterios de desempate:

- 1º A persoa aspirante de maior puntuación na parte específica da proba da fase de oposición (preguntas curtas)
- 2º A persoa aspirante de maior puntuación na parte xeral da proba da fase de oposición (test).
- 3º A persoa aspirante de maior puntuación na fase de Concurso relativa titulación académica.
- 3.- A persoa aspirante de maior puntuación na fase de Concurso relativa a experiencia profesional.

De persistir a igualdade e non resultar aplicable o previsto pola lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes procederase a desempatar mediante sorteo público.

VII.- INCIDENCIAS

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se derivasen desta e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e formas previstas na Lei 30/1992.

O tribunal queda autorizado para resolve-las dúbidas que se lle presentasen e toma-los acordos precisos para o bo fin do concurso -oposición .

VIII- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS:

O/a aspirante proposto/a para o seu nomeamento, a maior brevidade posible , presentará no rexistro de documentos do Concello de Monforte de Lemos a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI.



-Tarxeta Sanitaria.

-Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudos realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.

-Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenvolvemento do posto de traballo de que se trata.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo forza maior, non presente a documentación ou da mesma se dependera que non reúne algún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a quedando anuladas tódalas actuacións do proceso selectivo, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera/n haber incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación.

IX- CREACIÓN E XESTIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO:

Todos os aspirantes que superen a fase de oposición e cumpran os requisitos sinalados na base III pasarán a formar parte dunha bolsa de emprego para a cobertura con carácter temporal por circunstancias da produción que do mesmo posto se poidan dar durante a vixencia do contrato, é dicir, ata o 15/09/2018.

A inclusión na lista farase polo orde de puntuación final-suma da fase de concurso e oposición obtida polos aspirantes.

Cando sexa necesario proceder o chamamento para cubrir a praza, trala tramitación do seguinte procedemento, ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar por orde de mellor puntuación.

A medida que se produzan necesidades cuxa cobertura sexa solicitada procederase da seguinte forma:

Os Servizos do Concello poranse en contacto telefónico co aspirante, seguindo rigorosamente a orde establecida na lista. No caso de que non se poida localizar a un aspirante de forma telefónica, intentarase por medio dun SMS e dun correo electrónico (de existir dirección), debendo o aspirante dar unha contestación no prazo máximo de setenta e dúas horas; sendo o aspirante non localizado colocado na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente na lista de espera.

Se o aspirante rexeita a oferta de emprego, pasará ao final da lista, salvo que o interesado manifeste expresamente a súa vontade de ser excluído da mesma.

O aspirante que integrado nunha lista de espera, sexa chamado para cubrir unha necesidade e alegue e xustifique a imposibilidade de incorporación efectiva por estar traballando, ou de baixa laboral, continuará na lista de espera na mesma posición que ocupaba inicialmente, aínda que non





será activado na lista e chamado para unha nova oferta ata que o propio aspirante comunique aos Servizos Centrais que esta dispoñible por haberse modificado a causa que alegou para non aceptar a oferta de traballo. Destas incidencias deixarase constancia no expediente administrativo.

Se existise no momento do chamamento máis dunha vacante dispoñible que deba ser cuberta, estas deberanse ofertar aos aspirantes en función da orde de prelación que ostenten. O aspirante que sexa obxecto de nomeamento ou contratación, unha vez finalizada a súa prestación será colocado de novo na lista de espera na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente.

X.- RECURSOS ADMINISTRATIVOS

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento común, modificada pola Lei 4/99.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisa-las resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 30/1992, de 26 de novembro.

TEMARIO:

PROGRAMA DE MATERIAS (TEMARIO) MATERIAS COMUNES

Tema 1.- A Constitución Española de 1078. Principios xerais. Estrutura. Reforma da Constitución.

Tema 2.- Os Dereitos e Deberes fundamentais.

Tema 3.- A Coroa e os Poderes do Estado. O Tribunal Constitucional.

Tema 4.- As Comunidades Autónomas: constitución e competencias. O Estatuto de Autonomía para Galicia: Estrutura e disposicións xerais. A organización da Xunta de Galicia.

Tema 5.- Réxime local. Principios constitucionais e regulación xurídica. Clases de Entidades locais.

Tema 6.- O Municipio. A poboación e o territorio. Organización municipal. Competencias.

Tema 7.- As Facendas Locais. Clasificación dos recursos. Ordenanzas Fiscais. Impostos, taxas, contribucións especiais e prezos públicos.

Tema 8.- Os empregados públicos locais. Clases, organización, selección, dereitos e deberes. Réxime disciplinario.

- MATERIAS ESPECÍFICAS.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002B1D500D5U6R9R6K5J2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 14/06/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 14/06/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/06/2018 14:41:09

DECRETO: 2018000579
Fecha: 14/06/2018
Hora: 14:41
Persona 76561868C





Tema 1.- A Ribeira Sacra. Municipios que a integran: produtos típicos da zona e monumentos de interese cultural – turístico dos mesmos.

Tema 2.- O Centro de interpretación da Ribeira Sacra.

Tema 3.- A Torre da Homenaxe do Concello de Monforte de Lemos.

Tema 4.- A Pinacoteca dos Escolapios.

Tema 5.- O Pazo Molinos de Antero.

Tema 6.- Museo das Clarisas.

Tema 7.- Torreón da Cárcere Vella.

Tema 8.- O Concello de Monforte de Lemos e a súa relación coa comunidade Xudía.

Tema 9.- Principais rutas do Románico próximas ó Concello de Monforte de Lemos. Parroquias que as integran, así como, os monumentos de interese cultural – turístico das mesmas .

Tema 10.- Vías e parroquias do Concello de Monforte de Lemos. Monumentos i edificios de interese cultural- turístico das mesmas.

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO
NA DATA

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:
.....
.....

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO: SEGUNDO APELIDO: NOME:
DNI: TELÉFONO PARTICULAR:
MÓBIL:
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:
MUNICIPIO E PROVINCIA: CÓDIGO POSTAL:



EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.
- c) Estar en posesión do título académico de esixido na base cuarta do bases específicas da convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas do posto/praza á que aspira.
- e) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.
- f) Ter satisfeito a taxa por dereitos de exame.

Así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

....., a..... de.....de

Dado que prestei servizos neste concello como dende ata..... solicito se incorpore a este proceso selectivo concreto o meu certificado de servizos prestados.

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

SEGUNDO: Publicar un anuncio do proceso selectivo no boletín oficial da provincia e as bases integras no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

